



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Practicum	Código	65260606	
Titulación	5 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Formación e Orientación Laboral			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	12
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación Pedagoxía e Didáctica			
Coordinación	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Profesorado	Arza Arza, Neves Perea Vega, Gustavo Ariel	Correo electrónico	neves.arza@udc.es gustavo.perea@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O Practicum correspóndese coa fase formativa que se desenvolve nos centros educativos. No caso do alumnado de FOL, pode ser un IES ou un Centro integrado de FP (CIFP). As prácticas están deseñadas para ofrecer a posibilidade de observar e analizar o contexto profesional e de experimentarse, baixo a tutela e supervisión dunha profesora ou profesor do centro, nas tarefas de planificación, desenvolvemento e avaliación dunha proposta didáctica.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A24	(CE-E10) Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
A26	(CE-E12) Analizar criticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.
A27	(CE-E13) Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
A30	CE-P1) Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización..
A31	(CE-P2) Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente
A32	(CE-P3) Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia
A33	(CE-P4) Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica.
A34	(CE-P5) Coñecer a tipoloxía empresarial correspondente aos sectores produtivos e comprender os sistemas organizativos máis comúns nas empresas (FP)
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título	
1. Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias das respectivas ensinanzas, atendendo ao nivel de formación dos estudantes.	AP24 AP26 AP27 AP30 AP31 AP33	CM1 CM3 CM5 CM7
Adquirir as habilidades para xestionar os procesos de interacción e comunicación na aula.	AP32	



3. Adquirir as habilidades sociais necesarias para a promociión da aprendizaxe e da convivencia na aula e para tratar problemas de disciplina e resolución de conflitos.	AP26 AP31 AP32		CM1
4. Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe promotores da equidade, da educación emocional e en valores da igualdade entre homes e mulleres, da formación dunha cidadanía global para os dereitos humanos.	AP24 AP26 AP27 AP30 AP31		
5. Analizar as dinámicas organizativas e de funcionamento do centro de prácticas.	AP30 AP31		CM1
6. Vivenciar, contrastar e valorar, nun escenario real, as contribucións dos diferentes módulos teóricos, e tomar conciencia das funcións da profesión docente e dos coñecementos, actitudes e destrezas que se requiren para o seu exercicio.			CM1 CM3 CM7
Analizar os aspectos organizativos e curriculares da formación en centros do traballo e identificar as características das empresas onde se realiza esta formación	AP24 AP26 AP34		CM5

Contidos	
Temas	Subtemas
O centro: organización e funcionamento, oferta educativa e recursos.	<ul style="list-style-type: none"> - Organos de Goberno - O Departamento de Información e Orientación Profesional ou o Departameto de Orientación - O Departamento de FOL ou da especialidade na que realiza as prácticas - Culturas organizativas - Oferta Educativa -Recursos humanos - Recursos materiais (informáticos, instalacións, etc.)
O centro: instrumentos de planificación	<ul style="list-style-type: none"> Proxecto Educativo /Proxecto Funcional A programación dos módulos ou materias da especialidade Plano de Acción Titorial Plano de Orientacion Académica e Profesional Atención á diversidade: perfil do alumnado e medidas. Plan de Convivencia Proxecto lingüístico Plan de igualdade e incorporación transversal da perspectiva de xénero. A formación en centros de traballo Outros programas Ámbitos de innovación educativa
O Ciclo formativo	<ul style="list-style-type: none"> - Perfil profesional - Modulos e unidades de competencia - Sector produtivo e contorna socioeconómica - Mercado laboral do ciclo - A formacion en centros de traballo e as empresas do sector



A aula: praxe docente e alumnado	<p>A praxe docente</p> <ul style="list-style-type: none"> - Integración da visión de xénero - Integración das TIC e da competencia dixital - Metodoloxía - Avaliación: concepción, modalidades, técnicas e instrumentos - Lingua/s de ensino - Medidas para a atención á diversidade - As outras funcións do profesorado - ámbitos de innovación educativa <p>O alumnado do grupo clase</p> <ul style="list-style-type: none"> - Perfil sociolingüístico - Competencia dixital - Resultados da avaliación inicial - Procedencia académica - Expectativas académicas e profesionais - Necesidades educativas específicas
Deseño e desenvolvemento de propostas didácticas	<p>Fundamentación teórica e legal</p> <p>Obxectivos e contidos</p> <p>Metodoloxía</p> <p>Actividades e recursos</p> <p>Atención á diversidade</p> <p>Avaliación</p> <p>Desenvolvemento a valoración da proposta</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	A1 A26 A27 C1	6	0	6
Portafolios do alumno	A24 A26 A27 A30 A31 C5 C7	0	133	133
Sesión maxistral	A24 C7	2	0	2
Saídas de campo	A24 A27 A30 A31 A32 A33 A34 C1 C3 C5 C7	90	60	150
Atención personalizada		9	0	9

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Ten por obxectivo a reflexión e análise da experiencia de prácticas. Realízase en dous momentos que se corresponden coas sesións de seguimento e avaliación final do Practicum. As temáticas que van ser obxecto de discusión son os contidos que se especifican no apartado correspondente desta guía.
Portafolios do alumno	Adopta a forma que se establece para a memoria de prácticas. Polo tanto ha de incorporar os contidos que se indican no documento marco do Practicum.
Sesión maxistral	Está destinada á presentación dos aspectos organizativos e curriculares do Practicum (funcións do profesorado titor, duración, avaliación e sesións de seguimento e final) e ofrece pautas sobre os aspectos a observar e analizar, establecendo conexións coas materias do módulo xenérico e específico que aportan máis elementos para a observación e análise do que acontece a nivel de centro e de aula.



Saídas de campo	<p>A saída de campo corresponde coa estadía do alumnado no centro de Prácticas que se desenvolve en dous períodos: 11-12 de xaneiro e do 1 de febreiro ao 6 de marzo.</p> <p>Este período de formación permite :</p> <ul style="list-style-type: none">- Caracterizar á realidade do ensino para ir configurando unha visión propia, fundamentada e vivencial do centro e da aula.- Observar, e reflexionar, vinculando as achegas teóricas e legais das materias do Mestrado co a análise e reflexión do que acontece a nivel de centro e de aula.- Deseñar e por en práctica unha proposta didáctica.
-----------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Saídas de campo	<p>A titorización será compartida polo profesorado titor da Facultade e dos centros de prácticas. O primeiro aporta as orientacións iniciais e supervisa a memoria de prácticas a través das sesións de presentación, seguimento e avaliación, así como da atención individualizada no horario de titorías.</p> <p>As datas das sesións de seguimento e avaliación publícanse en moodle.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A24 A26 A27 A30 A31 C5 C7	Adopta a estrutura e contidos que se establecen na Guía de Prácticas. A cualificación da memoria de prácticas corresponde ao profesorado titor da Facultade. Para a súa avaliación utilízase unha rúbrica que está dispoñible en moodle.	50
Saídas de campo	A24 A27 A30 A31 A32 A33 A34 C1 C3 C5 C7	O/a titor/a do centro de prácticas é o responsable da súa avaliación, conforme aos criterios especificados na escala de valoración que se recolle na Guía de Prácticas.	50

Observacións avaliación



REQUIRIMENTOS PARA APROBAR

A cualificación das prácticas poderá ser non presentado, suspenso (1 a 4.9), aprobado (5 a 6.9), notable (7 a 8.9) e sobresaliente (9 a 10). Non realizar as prácticas estando matriculado na materia supón un NP.

Para superar as prácticas hai que conseguir o aprobado nas dúas cualificacións outorgadas polo profesorado titor do centro de prácticas e da Facultade. No caso de non aprobar algunha das partes da materia, a nota final será a nota da parte non superada. A cualificación final será, sempre que se aproben as dúas partes, o resultado da media entre a cualificación outorgada polo/a titor/a do centro e polo/a titor/a da Universidade. Non ter presentada a memoria (portafolios) tendo as prácticas superadas supón como cualificación un suspenso na primeira oportunidade.

A revisión, que se fará diante do profesorado titor da UDC, servirá para reconsiderar, de ser o caso, a cualificación da memoria. No que respecta a cualificación outorgada polo profesorado titor dos centros non é susceptible de enmenda. O titor/a de Facultade informará da cualificación obtida nos distintos criterios de avaliación. Esta información proporcionarase na data e horario fixados para a revisión da cualificación do Practicum.

Na segunda oportunidade de avaliación só se pode recuperar a memoria. As practicas non poden recuperarse, polo tanto a cualificación obtida na primeira oportunidade mantense para a segunda.

-

FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA Ausencia de citación de fontes As citas e referencias a calquer tipo de texto deben declararse ao longo do texto e no apartado de referencias bibliográficas, utilizando as normas APA 7º edición. Plaxio O plaxio será motivo de suspenso. Así queda regulado no artigo 14.4 da normativa académica de avaliación da UDC:

" na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixianl, incljido aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade" Normativa académica de avaliación, revisión e reclamación da UDC:

https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_I.pdf

<http://www.educacion.udc.es/?pagina=propiedad-intelectual>

Fontes de información

Bibliografía básica	- Mestrado de Profesorado UDC (2020). Guía das Prácticas Docentes 2020-2021. http://www.educacion.udc.es/mestrados/secundaria/?pagina=practicum Na medida en que no Practicum converxen contidos da maioría das materias do Mestrado, as fontes para o deseño da proposta didáctica e para a elaboración dos distintos apartados da memoria xa foron proporcionadas no resto das materias.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

COMPROMISO COA SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL Débese facer un uso sustentábel dos recursos co obxecto de evitar impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. En coherencia cos principios enunciados, a memoria de prácticas será dixital.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

